

# COPA GALEGA DE CLUBS DE NATACIÓN

Tempada 2008 - 2009 - Circular 08-18

## 1.- Organización, datas e sedes

1. - A copa galega estrutúrase en catro divisións compostas conforme ao especificado no Anexo:

- a) División de honra
- b) Primeira división
- c) Segunda división
- d) Terceira división

1.2.- Para as divisións de honra, primeira e segunda establécense dúas fases, preliminar e final. Na preliminar competirán os seis equipos de cada división, en base aos resultados desta fase formaranse dous grupos por división que disputarán a fase final polo título/ascenso ou a permanencia. No grupo polo título competirán os tres primeiros clasificados da fase preliminar e no grupo pola permanencia competirán os tres últimos clasificados da fase preliminar. Independentemente de dita agrupación, que se considerará para os efectos de puntuación, as xornadas da fase final disputaranse para cada división nunha soa piscina como na fase preliminar.

Para a terceira división establécense dúas fases de tres xornadas coincidente coas dúas fases das outras divisións na que competirán todos os clubs inscritos na copa e que non formen parte das divisións de honra, primeira ou segunda. Á finalización das mesmas sumaranse as puntuacións obtidas por cada club para determinar a clasificación final.

1.3.- Ao finalizar cada tempada os dous últimos equipos clasificados en cada división descenden á inmediatamente inferior, ascendendo os dous primeiros clasificados nesta última.

1.4.- Todos os Clubs deberán confirmar a súa participación na liga antes do 3 de outubro (venres). En caso de baixa dalgún club avanzarán todos os clasificados a continuación o posto correspondente. Un club que descendera de categoría non poderá ocupar o posto dunha baixa de ascenso na tempada seguinte. Os clubs que desexen participar na Copa e non estean incluídos deberán comunicarllo por escrito á FEGAN no mesmo prazo, preferiblemente por correo electrónico e pasarán a integrar a terceira división.

1.5.- Se algún equipo unha vez inscrito se retira da competición ou non se presenta nalgunha das xornadas, agás causa de forza maior debidamente xustificada, será sancionado con 300 euros e perderá o dereito a participar na liga durante a seguinte tempada.

1.6.- A fase preliminar constará de tres xornadas e a fase final de outras tres, dunha sesión cada unha que darán comezo ás 17.30 horas.

1.7.- As sedes poderán ser solicitadas polos clubs participantes en cada división. Para a fase preliminar e terceira división, as solicitudes serán presentadas na Asemblea. Para a organización das xornadas da fase final terán preferencia para a primeira xornada o equipo clasificado en terceiro lugar da fase preliminar, para a segunda o clasificado en segundo lugar e para a terceira o clasificado en primeiro lugar, as solicitudes para esta fase deberán ser presentadas na FEGAN antes do 13 de marzo (venres).

1.8.- Como mínimo unha hora e media antes do inicio de cada sesión a piscina deberá estar en disposición dos nadadores para efectuar o quecemento.

1.9.- As datas de celebración serán:

Fase preliminar e terceira división: 15 de novembro, 24 de xaneiro e 21 febreiro.

Fase final e terceira división: 9 de maio, 23 de maio e 30 de maio.

## 2.- Programa de probas

2.1.- En ambas fases a orde de probas será a seguinte:

Programa A	Programa B	Programa C
1. 4X50 estilos mas	17. 400 libre mas	31. 4X50 libre fem
2. 4X50 estilos fem	18. 400 libre fem	32. 4X50 libre mas
3. 1500 libre mas	19. 50 costas mas	33. 800 libre fem
4. 200 libre fem	20. 50 costas fem	34. 200 libre mas
5. 100 estilos mas	21. 100 bolboreta mas	35. 100 braza fem
6. 100 estilos fem	22. 100 bolboreta fem	36. 100 braza mas
7. 50 braza mas	Descanso	Descanso
8. 50 braza fem	23. 200 braza mas	37. 50 bolboreta fem
Descanso	24. 200 braza fem	38. 50 bolboreta mas
9. 200 bolboreta mas	25. 200 estilos mas	39. 200 costas fem
10. 200 bolboreta fem	26. 200 estilos fem	40. 200 costas mas
11. 100 libre mas	27. 50 libre mas	41. 400 estilos fem
12. 50 libre fem	28. 100 libre fem	42. 400 estilos mas
13. 100 costas mas	Descanso	Descanso
14. 100 costas fem	29. 4X100 libre mas	43. 4X100 estilos fem
Descanso	30. 4X200 libre fem	44. 4X100 estilos mas
15. 4X200 libre mas		
16. 4X100 libre fem		

2.2.- Realizaranse dous descansos de 10 minutos, un antes das probas de relevos e outro antes das probas número 9, 23 e 37. Durante os descansos os nadadores poderán dispoñer da piscina de competición.

2.3.- A orde dos programas decidirse por sorteo separadamente para a fase preliminar e final e será a mesma para todas as ligas. Unha vez realizado o sorteo as xornadas disputaranse como se sinala a continuación:

<b>FASE PRELIMINAR</b> <b>TERCEIRA DIVISIÓN</b>	<b>1ª Xornada 15 NOV</b> <b>PROGRAMA C</b>	<b>2ª Xornada 24 XAN</b> <b>PROGRAMA B</b>	<b>3ª Xornada 21 FEB</b> <b>PROGRAMA A</b>
<b>FASE FINAL</b> <b>TERCEIRA DIVISIÓN</b>	<b>1ª Xornada 09 MAI</b> <b>PROGRAMA A</b>	<b>2ª Xornada 23 MAI</b> <b>PROGRAMA C</b>	<b>3ª Xornada 30 MAI</b> <b>PROGRAMA B</b>

### 3.- Participación

3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

Masculina: Nacidos no ano 1995 e anteriores

Feminina: Nacidas no ano 1996 e anteriores

3.2.- Cada nadador poderá participar nun máximo de catro probas individuais en cada unha das fases. Nunha xornada poderá nadar nun máximo de dúas probas e nas remudas. No caso de que incumpra este punto, as marcas acadados nas probas de máis, non serán tidas en conta. Na terceira división non existirá límite no número de probas a nadar. O club que incorra nesta falta será sancionado coa perda de todos os puntos en

cada proba de exceso, agás na terceira división.

3.3.- Cada club poderá inscribir un máximo de dous nadadores por proba.

3.4.- Cada club poderá inscribir dous equipos de remudas por proba.

3.5.- Poderanse realizar cambios até 45 minutos antes do comezo da competición

#### **4. Inscricións**

4.1.- Realizaranse empregando a base de datos ou modelo correspondente á competición de que se trate e remitiranse á FEDGAN por correo electrónico ([inscripciones@fegan.org](mailto:inscripciones@fegan.org)). Xunto co devandito ficheiro enviarase, no mesmo correo, a "acta de preinscrición" que o propio programa xera en formato pdf (preferible) ou word.

4.2.- As inscricións deberán obrar en poder da FEDGAN antes das 20.00 horas do martes anterior á celebración da xornada correspondente, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse da súa recepción.

4.3.- A entidade organizadora remitirá as series á FEDGAN e aos clubs participantes antes das 20.00 horas do xoves anterior á celebración da xornada correspondente.

#### **5. Fórmula de competición**

5.1.- Disputaranse todas as probas contra o reloxo.

5.2.- Na fase preliminar de división de honra, primeira e segunda:

5.2.1.- A puntuación nas probas individuais será: 15, 12, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1

5.2.2.- A puntuación nas probas de remudas será: 30, 24, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

5.2.3.- Establecerase unha clasificación por xornada en función dos puntos obtidos nas probas individuais e de remudas. A cada club asignaráselle a seguinte puntuación segundo a clasificación acadada: 7, 5, 4, 3, 2 e 1 punto (do primeiro ao sexto).

5.3.- Na fase final:

5.3.1.- Competirán na mesma piscina os seis equipos que compoñen cada unha das Copas de división de honra, primeira e segunda. As series confeccionaranse de forma independente en función dos grupos aos que se fai referencia no punto 1.2. e iranse intercalando proba a proba. Primeiro a serie correspondente ao grupo que compite pola permanencia e a continuación a serie correspondente ao grupo que compite polo título/ascenso.

5.3.2.- A puntuación nas probas individuais será: 7, 5, 4, 3, 2, 1

5.3.3.- A puntuación nas probas de remudas será: 14, 10, 8, 6, 4, 2.

5.3.4.- Establecerase unha clasificación por xornada en función dos puntos obtidos nas probas individuais e de remudas. A cada club asignaráselle a seguinte puntuación segundo a clasificación acadada: 7, 5 e 4 puntos (do primeiro ao terceiro).

5.4.- Na terceira división, a puntuación virá dada en función do número de clubs inscritos (para 10 clubs, 24, 21, 19, 17, 16, 15, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1)

5.4.1.- A puntuación nas probas de remudas será: 48, 42, 38, 34, 32, 30, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

5.5.- Establecerase unha clasificación por xornada en función dos puntos obtidos nas probas individuais e de remudas.

#### **6.- Clasificacións e resultados**

6.1.- Na división de honra, primeira e segunda, farase unha clasificación xeral por clubs ao finalizar as tres xornadas da fase preliminar conforme ao indicado no punto 5.2., para determinar a distribución dos clubs na fase final.

6.2.- Na terceira división farase unha clasificación xeral por clubs, ao finalizar as seis xornadas conforme ao indicado no punto 5.4., que determinará o resultado final da devandita división.

6.3.- Ao finalizar as tres xornadas da fase final da división de honra, primeira e segunda farase unha

clasificación xeral por clubs conforme ao indicado no punto 5.3. que determinará o resultado final das devanditas divisións.

6.4.- En caso de empates decidirá a maior puntuación sumados os puntos obtidos nas probas individuais e de remudas, en caso de que este persista, atenderase ao número de primeiros postos, segundos, terceiros, etc.

6.5.- Os clubs organizadores deberán remitir os resultados á FEGAN ao correo electrónico [resultados@fegan.org](mailto:resultados@fegan.org), á maior brevidade posible, como máximo deberán atoparse na federación o martes seguinte á celebración da competición.

6.6.- Durante a competición irase levando manualmente a táboa de puntos (dispoñible na web da FEGAN na sección de impresos). Dita táboa cuberta e revisada polo equipo arbitral será remitida polo club organizador á FEGAN, por fax ou correo electrónico, antes das 12.30 horas do luns inmediatamente posterior á competición.

## 7. Títulos e premios

7.1.- Entregarase un trofeo ao equipo campión de cada división.

7.2.- Establécense os Trofeos Presidente Leopoldo Bremón para as mellores marcas, masculina e feminina, conseguidas durante a celebración da presente Copa por puntuación da táboa da FINA (Fina Point Scoring 2004).

A Coruña, 27 de Xuño de 2008

Secretaría Xeral FEGAN

Anexo

COMPOSICIÓN PROVISORIA DAS DIVISIÓNS TEMPADA 2008-2009			
División de Honra	Primeira División	Segunda División	Terceira División
CNPABELLÓN ORENSE	RCNVIGO	CMARINA FERROL	CNPONTEAREAS
CNCORUÑA BANCO GALLEGO	ECOLOGICAL FOGAR CARBALLO	CNLALIN	CNASPONTES
CNRIVEIRA MARDE COUSO	CFLUVIAL LUGO	CNXOVE	CNPORTAMIÑA LUGO
CNGALAICO SERCOYSA	CNSANTIAGO	C LEYMA N ARTEIXO	CNALBATROS
CNFERROL ELINCO	ADNNARON	CNARZUA	CNMONFORTE
CNPONTEVEDRA	CNCEDEIRA MUEBLES GARCIA	CDELMAR	CNRIASBAIXAS
			CDUNIVERSIDADE
			CNREDONDELA
			CNSALNES
			GOLFIÑOS CNPORRIÑO

Para a composición desta táboa tomáronse os resultados da Liga da pasada tempada e a información da que dispón a Federación. Todos os clubs deberán confirmar a súa participación na liga antes do 5 de outubro (venres) de 2007. Os Clubs que desexen participar na Liga e non estean incluídos deberán comunicarllo por escrito á Federación no mesmo prazo, preferiblemente por correo electrónico (ver puntos 1.4 e 1.5)